

El referéndum del Estatuto de Autonomía de 1936 en la prensa gallega: Puntos en común y diferencias con el proceso estatutario de 1979-1980

El 28 de junio de 1936 el pueblo gallego aprobó masivamente en referéndum el Estatuto de Autonomía de Galicia, en lo que constituyó el último gran acto político antes del alzamiento militar contra el Gobierno legalmente constituido de la República. El ambiente durante la campaña electoral fue de vivo entusiasmo, con un fervor autonomista como nunca se había producido en Galicia, impulsado por el Partido Galeguista y apoyado por el resto de las fuerzas del Frente Popular, el centro de Portela Valladares, y por la Dereita Galeguista. La actitud de los periódicos fue muy diversa, actuando cada medio en función de sus afinidades políticas, muy marcadas en aquel momento, encontrando desde prensa galleguista hasta medios controlados por Calvo Sotelo o la Iglesia Católica. El texto estatutario llegó a ser debatido en las Cortes de Montserrat en 1938, pero nunca fue aprobado; sin embargo, durante la elaboración de la Constitución de 1978, el hecho de haber superado el referéndum fue la clave para que Galicia fuese considerada una nacionalidad histórica, al amparo de la Disposición Transitoria Segunda. Esta investigación intenta contrastar los discursos elaborados por la prensa gallega en 1936 sobre el Estatuto y la Autonomía Gallega, con los que conformó 43 y 44 años después, durante la negociación, redacción y aprobación del Estatuto de 1980, refrendado en un ambiente de escasa participación popular y nulo entusiasmo.

The Statute of Autonomy referendum in 1936 in Galician press: Common features and differences with the autonomy process in 1979-1980

The 28 of June in 1936, Galician people approved massively in a referendum the Galician Statute of Autonomy, what was the last great political act before the coup d'état against the legally constituent republican government. During the electoral campaign the milieu was enthusiastic, with a autonomistic fervour as it had not been seen ever in Galicia, headed by the Partido Galeguista and backed for the other partys of the People's Front, the centrist party of Portela Valladares and the Dereita Galeguista. The attitude of the newspapers was very diverse, and each media acted depending on its political relatedness, very cleared in that moment, and we can find journals closed to the Partido Galeguista or media controlled by Calvo Sotelo ou the Catholic Eglise. The Statute was discussed in the Montserrat Parliament in 1938, but it was never approved; however, during the writing of the Spanish Constitution in 1978, the fact of having passed the referendum was the key which allowed Galicia to be considered a historical nationality, in the legal framework of the Second Transitional Provision. This research intends to contrast the discourses built up about the Statute of Autonomy for Galician press in 1936, and the discourses made 43 and 44 years later, during the negotiation, writting and approval of the Statute in 1980, approved with a scant turnout and a unenthusiastic atmosphere.

Os medios, conformadores de consenso

¿Que papel xogaron os medios de comunicación galegos nos procesos de aprobación en referendo dos Estatutos de Autonomía de 1936 e 1980? ¿Mobilizaron á sociedade a prol do autogoberno? ¿Enfrontáronse a el? ¿Ficaron indiferentes? Nos últimos anos moitos outros autores teñen incidido na relevancia das estruturas mediadoras para a formación de consenso e para a mobilización social. Con todo, algún autor tense laiado do escaso coñecemento existente sobre o papel que os medios xogan nestes procesos: “é o nivel no que ocorren a meirande parte das accións dos movementos e é tamén sobre o que menos sabemos (“*it is the level at which most movement action occurs and of which we know the least*”)¹. Do mesmo xeito, para Gamson, hai moitas explicacións para explicar a aquiescencia e a falsa conciencia, pero explicacións menos convincentes sobre como persoas ordinarias ás veces desenvolven maneiras de comprender asuntos que apoian a acción colectiva para o cambio². Unha das vías más proveitosas e, con todo, menos desenvolvidas, é a da investigación histórica de certos fenómenos de comunicación política. A investigación comparada en comunicación política permite estudar certos fenómenos e procesos que as pescudas sobre eventos contemporáneos son moitas veces incapaces de atinxir, por tratarse de acontecementos ou procesos en marcha, ou por unha ausencia de perspectiva histórica que permita observalos dende a perspectiva axeitada:

“As principais transformacións políticas ocorridas no pasado poden non volver repetirse no presente nin no futuro e é verdadeiramente improbabel que poidan repetirse exactamente do mesmo xeito, pero calquera teoría que pretenda abrancar procesos xerais de transformación política debe ser congruente coa experiencia pasada e ser atentamente controlada á luz desa experiencia antes de ser aceptada (...) consideraremos que a experiencia histórica é máis importante que a observación dos feitos contemporáneos na formulación ou verificación de calquera tipo de xeralización sobre os grandes cambios políticos”³.

O propio Lippmann⁴ definía á propaganda como a *manufacture of consent*, a construcción do consenso. O termo foi empregado por outros autores, como Chomsky e Herman, na obra homónima⁵. Para Klandermans, a mobilización do consenso (*consensus mobilization*) supón un intento deliberado por parte dun actor social de crear consenso entre un sector da poboación (“*deliberate attempt by a social actor to create*

¹ McAdam, McCarthy e Zald, 1996:729.

² “There are many explanations to account for quiescence and false consciousness, but less convincing accounts of how it is that ordinary people sometimes develop ways of understanding issues that support collective action for change” (Gamson, 1992: introdución).

³ C.Tilly, 1994: 18.

⁴ Lippmann, 1964.

⁵ Herman e Chomsky, 1994.

consensus among a subset of the population”), algo moi distinto da formación do consenso (*consensus formation*), que significa a converxencia non planeada de significados en redes sociais e subculturas (“*the unplanned convergence of meaning in social networks and subcultures*”)⁶.

M. Hroch salienta que os medios de comunicación xogan un papel determinante nos procesos de construcción nacional, en concreto durante o que el denomina “fase C”, na “educación nacional”⁷. Investigacións recentes apuntan nesta mesma dirección, por exemplo en Escocia nos anos noventa: “*Os media escoceses (imprensa, rádio e televisao) desempenharam um papel fundamental na manutençao do assunto da “devoluçao” na agenda, tanto antes da criaçao do Parlamento como posteriormente em moldar as percepções públicas do novo desenho constitucional que saiu das eleições de 6 de Maio de 1999*”⁸. Pola súa banda, Karl Deutsch, no seu *Nationalism and Social Communication*, indica que as características da mobilización política nas comunidades rurais tradicionais poden repetirse en sociedades modernas en ausencia de sistemas de comunicación de masas totalmente desenvolvidos⁹. Brass concorda con Deutsch en que é posibel mobilizar politicamente unha comunidade sen necesidade de medios de comunicación social modernos, mais indica que hoxendía é complicado atopar lugares nos que non existan medios de comunicación¹⁰. Segundo Máiz, os medios de comunicación galegos levaron a cabo durante a Transición Política unha serie de tarefas enmarcadoras nucleares (*core framing tasks*), contribuíndo a crear un *mobilization frame* baseado na conformación e espallamento da existencia dunha comunidade nacional (Galicia) dotada de interese colectivos de seu, interiormente homoxéneos e exteriormente opostos a outros intereses en competencia (España, Madrid), intereses ao redor dos que se configura a evidencia política dunha identidade colectiva dos galegos xeradora de obrigas morais e políticas específicas. Do mesmo xeito, patentízase a presenza dun problema, dunha non correspondencia entre o ser e o deber ser. Interpelase á comunidade a se erguer como unha, homoxénea, dona do seu destino, con crecente conciencia de si mesma, capaz de transitar da súa inicial condición de nación-en-si, desartellada, desmobilizada, pero inmorrente, á nación-para-si,

⁶ Klandermans, 1988:175.

⁷ Hroch, M. “¿Sabemos suficiente sobre el Nacionalismo?”. En Beramendi, Núñez, Máiz, 1994: 239.

⁸ Schlesinger, Philip R.: “Comunicaçao política e Parlamento Escocês”. En *Media, Jornalismo e Democracia*, 2002:109.

⁹ Deutsch salienta o papel que nestes casos poden xogar as estruturas de comunicación das relixións.

¹⁰ En Brass, P. *Elite competition and the origins of ethnic nationalism*. En Beramendi, Núñez e Máiz, 1994:115.

consciente dos seus intereses, dona do seu destino¹¹. Para Baamonde, “*nunha sociedade moderna como é a galega de hoxe, son obviamente os medios de comunicación, e non un limitado sector social, os que teñen o poder de definir a realidade*”¹². O primeiro paso consiste na definición da cuestión nacional como problema, nun labor tematizador baseado na achega nunha serie de argumentos e exemplos empíricos que lle dean á cuestión un poder autoevidenciador. O segundo paso corresponde á construcción do problema, o agravio, a través da súa posta en relación coas experiencias cotiás dos cidadáns e a súa dramatización, mediante discursos do tipo “agora ou nunca” ou “os tempos son chegados”. Unha vez construído o problema faise necesario atopar un antagonista reconécibel. Finalmente, todo diagnóstico require da inmediata presentación do prognóstico, da solución.

A prensa galega, perante o Estatuto de 1936:

A labor de concienciación sobre a importancia do Estatuto realizada polos medios foi plenamente consciente, como recalca La Voz de Galicia o 30 de maio na súa portada, nun editorial titulado “*La necesaria propaganda del Estatuto de Galicia*”, no que afirmaba que “*es labor indispensable realizar una propaganda metodizada para dar cuenta al país entero (...) de las ventajas que se adscriben al régimen autónomo (...) coadyuvando a formar el ambiente regional consciente que el próximo plebiscito requiere*”. O xornal concluía que “*con ello creemos prestar un servicio al país y contribuir a que avance normalmente por el camino del progreso*”. A partir dese día, La Voz abría a súa portada a todos aqueles que quixesen argumentar razoadamente as vantaxes do Estatuto. A primeira destas tribunas, remitida por Álvarez Gallego (“*Y la propaganda que urge*”) incidía novamente na importancia da campaña electoral: “*No hay por qué sentir rubor alguno en proclamar la verdad indudable de que en el ciclo propagandista reside el secreto del éxito. Ni la mejor idea, ni la más diáfana verdad, ni el mayor bien, fueron nunca multitudinariamente logrados sin que una exposición, pública y terca, de sus ventajas decidiera la opinión de las gentes*”. O texto, que non se esquecía de citar a Le Bon (*Le psicologie des foules*), moi de moda naqueles anos, xustificaba a necesidade de redobrar os esforzos propagandísticos debido á “*enorme cifra de votantes que la Constitución exige para que la Carta Autónoma sea un hecho*”.

¹¹ Máiz, 2004:115.

¹² Baamonde, 2002: 135.

Practicamente todos os días La Voz publicaba na súa portada algunha referencia informativa relativa ao Estatuto, coma por exemplo o 2 de xuño, cando daba conta da reunión do Comité Central de propaganda que, dixo, se desenvolvera “*con el mayor entusiasmo*”, ou a través dalgún artigo de opinión amosando as vantaxes que traería para Galicia a autonomía (“*Irlanda, señuelo de autonomistas*”, “*El sistema electivo del Estatuto*”). Esta labor foi recoñecida polos propios lectores, como Prudencia Taboada, quen o 5 de xuño escribía na portada do xornal que “*A Voz de Galicia remata de amostrar unha intelixente preocupación do problema e presta, ca súa información púbrica encol do Estatuto, unha estimable colaboración*”

Os defensores do texto estatutario facían especial fincapé nos instrumentos de que disporía a autonomía para mellorar a situación da pesca e do campo galegos (hai que ter en conta que oito de cada dez galegos vivían naquel momento do sector primario). Así, moitos dos artigos: “*La pesca en Galicia en el Estatuto*”, “*La pesca en Galicia*” ou “*La agricultura gallega y la autonomía*” incidían en que a autonomía “*dará a Galicia libertad para regir y administrar sus fuentes de riqueza. Siendo el campo una de las principales*” (13 de xuño). Tamén se vincellaba a aprobación do Estatuto coa fin da emigración, coma no artigo “*Castellanos de Castilla... Algo que tenía que acabar*”, publicado o 17 de xuño, no que se afirmaba que “*En vísperas de la organización autónoma, sobre todo, no necesitar de esas puertas francas será una satisfacción honda para Galicia*”. Outros artigos de opinión facían especial incidencia nos beneficios que para Galicia suporía gobernar a si mesma: “*Galicia va a incorporarse al vivir político mundial. Los habitantes de nuestra tierra darán su voto que por el momento sólo significa: quiero ser libre y administrarme, y que me gobiernen los míos, pues estos me conocerán y las leyes que ellos dicten no serán palos de ciego*” (20 de xuño).

El Pueblo Gallego (EPG), pola súa banda, era (xunto con A Nosa Terra, voceiro do Partido Galeguista) o xornal máis comprometido coa defensa da autonomía galega. EPG estaba próximo aos postulados do Partido de Centro de Portela Valladares. Dende finais de maio, o xornal veu inserindo na súa portada breves notas editoriais (soltos), dedicados a exaltar as vantaxes do Estatuto. En “*Terra e persoalidade*” (29 de maio), o xornal afirmaba “*O Estatuto de Galicia é primordialmente unha conquista de liberdades. A nosa Terra ten unha persoalidade biológica diferenciada, acusada na lingua, na raza, nos costumes, na economía, na hestoria, no espíritu...*”. E ao día seguinte, en “*Pra forxar o destino*”, concluía que “*Galicia gañará, dentro e fora, benestar e prestixio (...) Galicia forxará o seu destino*”. Mentre, o 3 de xuño, en “*Unha*

conciencia nova” EPG afirmaba que “*O Estatuto de Galicia é, cando menos, unha ilusión. E os pobos nos camiñan senón trás d-un ideyal. Precisan pan pr-o corpo e pan pr-a y-alma. Os froitos d-unha espiritoalidade nova, de dar a un país a conciencia que perdera, non se poden calcular en números. Quen non vexa na autonomía senón un problema de ingresos e gastos, ten do probrema unha visión triste e pequena*”. Ao día seguinte, noutro destes soltos declaraba que “*O Estatuto de Autonomía nin é caro nin barato. Non se poden tasar os dereitos dos pobos com-os xéneros dunha tenda. Aínda que fora moi costoso, sempre o sería moito menos que o centralismo empobrecedor*”. O 5 de xuño en “*Autonomía, mocedade*”, o xornal afirmaba que “*Galicia, coa autonomía, deixará de ser vella e tristeira. Será unha Terra renovada e libre*”. Asemade, o 31 de maio EPG publicou nun suplemento especial o texto completo do Estatuto, cunha chamada na portada que advertía “*Lector galego: Esta páxina contén a carta das liberdades e dereitos que a nosa terra reclama. Merece ser lida, meditada e conservada*”.

Ademais, EPG insería na súa portada breves reflexións deontolóxicas ou declaracions de principios, seguramente coa simple función de encher espazos soltos, pero de grande interese para os investigadores. Entre eles débense salientar os dous seguintes: “*Los periódicos son el exponente más gráfico de la cultura de un país. Nunca debieran serlo de su incultura, aunque esta existiera. Si no cumplen esa misión es porque cada país merece los periódicos que sostiene*”, toda unha reflexión sobre a realidade contemporánea da sociedade galega, e “*El Pueblo Gallego es un diario de opinión, atento siempre a formarla; pero no la deforma ni la oculta, ni la impone. Su pensamiento se refleja en los editoriales, y aún cuando acoja otros, avalados por firma solvente, no implica su publicación solidaridad con ellos*”, unha clara declaración de principios.

Pola contra, o Estatuto de Autonomía non aparece en absoluto nas páxinas do Faro de Vigo (xornal independente, mais servidor do calvosotelismo) até o día 12 de xuño. Ese día na páxina 8 do xornal aparecía unha entrevista realizada a Suárez Picallo e a Castelao, na que moitas das preguntas dubidaban da existencia dun sentimento autonomista en Galicia: “*¿Siente Galicia la necesidad del Estatuto?*” ou “*¿Por que cree el pueblo gallego necesario el Estatuto?*”. A partir dese día, si comezan a publicarse referencias á campaña estatutaria, mais isto só sucedía cando se celebraba algún mitin de importancia e ademais sempre ían colocadas en páxinas interiores, nunca na portada. As noticias eran xeralmente asépticas e se limitaban a transcribir o máis importante dos

discursos pronunciados. Finalmente, outros xornais tiveron un posicionamento claramente hostil: *La Región* (dereita clerical, a medio camiño entre os sectores máis extremistas da CEDA e o Bloque Nacional) ou *El Ideal Gallego* (oficialmente da CEDA). Con todo, o Faro tamén publicou algúns artigos de opinión de apoio ao Estatuto, asinado por institucións da cidade, coma o Centro de Hijos de Vigo, que o 19 de xuño escribía que “*Para Galicia va a comenzar una nueva era. Hasta ahora se han atribuido todos los males y todas las dejaciones que que la Región fue objeto, al régimen centralista que ha perdurado varios siglos*”. En xeral, o Faro non apoiou de xeito entusiasta o Estatuto, pero tampouco o criticou nin se enfrontou ao bloque autonomista. E mesmo, ao falar do acto de propaganda celebrados en Vigo, referiu-se a el como “*grandioso acto de exaltación autonomista*” (24 de xuño). O 28 de xuño, ademais, o xornal publicou, ao igual que El Pueblo Gallego, o bando difundido polo Alcalde de Vigo, enfervorizadamente autonomista: “*Vigueses: Oxe é data de resolucións definitivas prá cidadanía galega. Oxe, pol-a vontade democraticamente expresada de todos os galegos, vaise a xulgar o futuro destiño da nosa Terra. Oxe imos a escoller entre a libertade, que significa unha Rexión orgaizada en réxime de Autonomía, ou o natural e secular sometimento que entrana un sistema centralizado*”.

Comeza a campaña:

A campaña propiamente dita comezou o 7 de xuño con dous mitins simultáneos celebrados nos coruñeses teatros Rosalía e Liñares Rivas, nos que participaron representantes de todos os partidos da Frente Popular. Ao día seguinte, La Voz salientaba a grande afluencia de público e o seu entusiasmo, nunha extensa crónica centrada principalmente na intervención de Castelao, acollido “*con una gran ovación*”, do que mesmo se publica unha foto. Nos días seguintes teñen lugar mitins en Lugo (día 11) e Pontevedra, Ferrol e Ourense (día 14), Vigo e Santiago (día 20) en Madrid (día 22). O editorial do 7 de xuño de EPG, na portada do xornal, titulado “*La Coruña, por el Estatuto*” afirmaba “*La autonomía ha de ser producto de la comunión espiritual del país. Sentida tanto como pensada*” e que “*En todo problema hay una antítesis latente. Y la del centralismo y la libertad autonómica es franca y tajante. La Galicia multitudinaria, sierva del caciquismo y del hambre no llegó a enfervorizarse aún con la idea liberadora, ni otra de orden público. Antes de afirmar es preciso ser, tener conciencia de la propia persoanlidad*”. Para concluír: “*el tópico de la unidad gallega será al fin una realidad gloriosa*”. Ao día seguinte, o xornal titulaba a cinco columnas

na súa portada: “*Con fervor y entusiasmo se ha iniciado el domingo en La Coruña la campaña para el plebiscito del Estatuto*” e subtitulaba “*Acudieron al acto representaciones de toda Galicia y se recibieron centenares de adhesiones*”, dedicándolle á crónica do mitin dúas páxinas completas, con fotografías de Castelao e de Ánxel Casal e a inserción de dous manifestos de apoio, un asinado por intelectuais: (“*¡Gallegos! ¡Votad por la autonomía de nuestra Tierra!*”) e outro por estudiantes universitarios.

A partir do día 10 de xuño, EPG substituíu os soltos editoriais que publicaba na súa portada, por breves destacados con mensaxes más directas: “*O día 28 todos a depositar nas furnas unha papeleta que diga SI, que quiere decir que os galegos ímos ser libres*”, “*Gallegos: El día 28 todos a votar por la libertad de nuestra tierra*”, “*Labregos: O Estatuto será a redención de Galicia e a vosa redención*” ou “*Galego: A túa Terra non é o que desexas; o será cando poida forxar co-as propias mans o propio destino. Vota o 28 en favor do Estatuto*”. Outras veces, toda a portada levaba un encabezamento propagandístico: “*Galicia: El Estatuto es la salvación de Galicia*” (11 de xuño), “*Por encima de todos los partidismos políticos: por encima de todas las pasiones enanas, GALICIA, GALICIA y GALICIA*” (11 de xuño), “*Galicia por su autonomía*” (13, 16 e 17 de xuño) ou “*Gallegos: Si queréis libertad sin anarquía, convivencia sin atropello: ¡Votad el Estatuto!*” (26 de xuño). Tamén a través das bandas humorísticas de Maside o xornal facía propaganda estatutaria: “*¿Lembraste? Os que fagüian tantos remilgos contra a imprantación do Estatuto son os mesmos que quixeran imprantar o straperlo*” (12 de xuño). A partir do día 18, o xornal publicou asemade algúns cadro esquemáticos contrapoñendo as vantaxes da autonomía aos problemas xerados polo centralismo: “*Sometimento a unha burocracia allea, que desconoce nosos problemas*”, “*tributación inxusta*”, “*órgaos ademanistrativos provinciaes sen eficacia*” ou “*Postergacións sistemáticas dos intereses económicos galegos*”. Ou a que publicou o día 25, no que resumía en seis puntos as razóns para votar o Estatuto: “*O Estatuto galego debe ser votado (...) Por unha razón de dinidade colectiva (...) Por instinto de conservación (...) Porque catro séculos de centralismo, e a contempración da actual decadencia son experiencia d-abondo (...) Porque a Constitución da República tende a estruturar federalmente a Hespaña*”.

A autonomía galega e a República eran procesos complementarios, e en certo modo inseparábeis. EPG quíxoo deixar claro no seu editorial “*República e Estatuto*”, publicado o 16 de xuño, no que afirmaba que “*La Autonomía se habrá de considerar, en*

primer término, como aplicación de un postulado republicano. Será por tanto una nueva raíz del régimen, que contribuirá a su más recia contextura y a nutrirlo de savia vigirosa. Los términos República y Autonomía han de conjugarse en oposición a todos los demás que vayan contra la forma de Gobierno y la formación de una política federalista”. Do mesmo xeito, o 18 de xuño o xornal recollía na súa portada un extracto dun editorial do diario Euskadi, que afirmaba “*Este antiestatutismo se explica en otro anti. Antirrepublicanismo. No se quiere nada de la República (...) Se teme que con el Estatuto se produzca en el país una era de bienestar y la opinión consiguiente favorable a la República*”. Definitivamente, a autonomía de Galicia (e os autonomistas galegos) estaba profundamente comprometida coa República. O 27 de xuño Víctor Casas escribía na portada de La Voz que “*Si a Galicia lle convén o Estatuto, á Repúbrica non lle convén menos*”.

EPG, malia a entregarse sen reservas á causa do Estatuto, non esquecía a quien debía fidelidade, e día si e día non facía na súa portada algunha referencia ás intervencións de Portela Valladares a prol da autonomía galega. Así, o 11 de xuño en “*Portela y el Estatuto Gallego*”, EPG afirmaba que “*el ex presidente del Consejo de Ministros, D. Manuel Portela Valladares, tomará parte principalísima en los actos que van a organizarse en favor de la propaganda y disfrute del Estatuto de Galicia*”. Ou o 19 de xuño titulaba unha nota na súa portada: “*Portela Valladares y la autonomía gallega*”. Finalmente, o 24 de xuño publicaba un editorial na súa portada: “*La voz del patriano*”, no que de novo se desfacia en afagos cara a Portela.

EPG era tamén consciente de que o éxito ou o fracaso do plebiscito ía xogarse no voto dos labregos e no voto de dereitas. Por iso, nos derradeiros días de campaña comezou a publicar na súa portada manifestos “*A las organizaciones agrarias y a los labradores en general*” (13 de xuño), asinado polos principais dirixentes da Confederación Gallega de Campesinos, para mover o seu voto. Do mesmo xeito, eran habituais as referencias á Dereita Galeguista, e aos mitins que realizaba (en solitario) pedindo o si no plebiscito: “*La Derecha Galeguista ante el Estatuto*”, “*Un llamamieto a las gentes de derechas*”, “*Hay ambiente autonomista, no ambiente de rebeldía estéril*”. Este chamamento aos votantes conservadores aparecía de novo o 17 de xuño, nun artigo de Álvaro de las Casas que comezaba afirmando: “*Ya estamos todos de acuerdo, izquierdas y derechas, masones y clérigos, en que para Galicia sería una suerte máxima conseguir la autonomía administrativa*”.

O 13 de xuño, EPG informaba do “*Gran entusiasmo por los actos programados para la divulgación del Estatuto*” e de que “*Diversas organizaciones, en razonados manifiestos, se dirigen al país pidiendo el apoyo popular para la Carta autonómica*”, na xornada en que ían ter lugar mitins autonomistas en Ferrol, Ourense e Pontevedra. Uns días despois, o 16 de xuño, o xornal informaba de “*Las grandes jornadas autonomistas*” e afirmaba que “*Pontevedra, Orense y El Ferrol, celebraron con gran entusiasmo los galleguistas del domingo*”. Nos días seguintes, continúan os titulares triunfalistas en EPG: “*Otra jornada fervorosa de propaganda del Estatuto*” e “*En los teatros Odeón y Tamberlick, con una concurrencia numerosísima, Vigo hizo patente su deseo de plebiscitar el Estatuto*” (23 de xuño), “*La campaña plebiscitaria vibra en toda la región*” (24 de xuño) ou “*La proximidad del plebiscito aumenta el entusiasmo autonomista*” e “*Grandioso acto de afirmación autonomista en Santiago*” (25 de xuño). Ese 25 de xuño, EPG publicaba un editorial titulado “*El deber de votar afirmativamente*” no que afirmaba con optimismo que “*El domingo votarán el Estatuto más de las dos terceras partes del censo de Galicia*”. O 26 de xuño EPG titulaba a súa portada a cinco columnas: “*Ayer culminó en Compostela la campaña autonomista*” e publicaba un novo editorial titulado: “*El pecado de la abstención*”, no que afirmaba que “*La abstención equivale a negación; acaso a traición. Es un pecado contra la ciudadanía*”. Ademais, o xornal insería artigos de opinión alusivos á autonomía: “*Formas de desgaleguización*” (Otero Pedrayo), “*Agonía del Centralismo*” (Johan Quinto) ou “*La misión de los gallegos*” (Blanco Torres).

Ao día seguinte, EPG publicaba un editorial titulado “*La prensa indiferente*”, no que afirmaba que “*En vísperas del plebiscito la mayoría de la prensa gallega, debemos proclamarlo con íntimo sentimiento, aparece inexplicablemente ajena al problema. Alguna, como El Ideal Gallego, combate el Estatuto abiertamente, también torpemente. La otra, con excepciones honrosas –La Zarpa, El País, Vida Gallega, Heraldo de Galicia (...) La Voz de Galicia (...) Galicia debe saber quienes están con ella en esta hora (...) No se habría dado ni en Andalucía ni en Extremadura, ni en Aragón, ni en Castilla*”. O día anterior o xornal inserira unha nota editorial na súa portada na que afirmaba que “*Nunca es tarde*” e que “*Vida Gallega al fin parece ponerse a tono con los tiempos y a tono con Galicia*”. Ese día 27, Juan Carballeira publicaba un artigo na portada do xornal titulado “*La Prensa y la Autonomía*”, no que afirmaba que “*Hecha excepción de dos o tres periódicos de Galicia que en este crítico momento que vive la Tierra hacen de sus columnas una hoguera de galleguidad, el resto de la prensa*

gallega aparece tan cazurramente de espaldas a la emoción de la hora presente (...) que apenas si semejan unos enanos portavoces de arrabal con el consabido chisme politiquero de siempre. Talmente, como si no estuviéramos en el umbral de cosa alguna de excepción y de capital transcendencia para Galicia. Con ademán cansino y turbio rastrean el movimiento autonomista, sin emoción ni pasión, como si se tratase de una empresa totalmente tangencial al interés público, nada menos que de todo un pueblo que quiere ser un pueblo (...) Es hora de realizar una intensa cruzada de galleguidad, de levantar el ánimo dolorido y escéptico de los gallegos”.

O 27 de xuño EPG abría a súa portada cinco columnas titulando “*Mañana Galicia conquistará con fervor la autonomía*” e insería un editorial titulado “*Víspera del plebiscito*” no que afirmaba “*Mañana Galicia vivirá la jornada más grande de su historia contemporánea. Rectificará su rumbo, elevará su vida, recobrará su destino* (...) *Hasta ahora Galicia fue lo que mandaban las organizaciones de Madrid. Con triunfo de derechas o con predominio de izquierdas, Galicia nunca votó una representación parlamentaria realmente querida y prestigiada por la voluntad auténtica del pueblo*”. O xornal concluía que “*Quienes voten mañana el Estatuto no lo harán en favor de esa España cuyo ocaso presenciamos el 14 de abril de 1931, votarán por la que alboreó con la República*”.

Os resultados:

O 28 de xuño, día da votación, La Voz dedicaba integralmente a súa portada ao Estatuto, titulando a cinco columnas “*Un momento solemne de la historia regional. Fe en el porvenir*” e colocando nesta primeira plana seis ilustracións de seis dos más importantes próceres da nación galega: Rosalía, Pondal, Añón, Murguía, Curros Enríquez e Brañas. O xornal destacaba nesta portada que “*La propaganda ha estado admirablemente organizada y se ha llevado a efecto con una intensidad y una profusión inusitadas en nuestro país*”. Asemade, La Voz (próximo aos partidos republicano-liberais conformantes da Frente Popular) salientaba que para que o Estatuto fora posíbel “*tuvo que advenir el Frente Popular*”, ao tempo que aproveitaba para realizar unha crítica contra o ex presidente Portela Valladares “*Gobiernos que se sucedieron, incluso el que presidió personaje gallego tan significado anteriormente por autonomista y estatutista como el señor Portela Valladares*”. Pola súa banda, EPG titulaba “*Oxe plebiscítase o Estatuto*” “*Arriba, corazones gallegos*”. Baixo estes titulares, o xornal escribía: “*El Pueblo Gallego xa falou arreu. Demos a nosa Terra canto de nós podía*

*agardar. Agora, na data groriosa en que a xesta libertatoria culmina, as voces patriciais dos animadores da Ideia, loitadores e mestres, veñen a poñer nestas páxinas o seu latexo máis fondo, a súa más enxebre emoción. ¡Viva Galicia Autónoma!». A seguir, incluía unha ducia de artigos dalgúns dos más importantes políticos e intelectuais do momento: “*Votar pol-o Estatuto*” (Portela Valladares), “*En pé, galegos*” (Osorio Tafall), “*A nosa xeración*” (Castelao), “*Galicia, su derecho*” (Iglesias Corral), “*Autonomía, fé civil*” (Paz-Andrade), “*Esta noite*” (Ramón Cabanillas”), “*A loita de mañán*” (Otero Pedrayo), “*El Estatuto y los trabajadores*” (Jaime Quintanilla), “*Hoxe e mañán*” (Álvaro Gil), “*Queremos unha Galicia viva*” (Filgueira Valverde), “*O meu pensamento*” (Vicente Risco), “*Sí*” (Suárez Picallo) ou “*Sí*” (Blanco Torres). O 28, EPG abría a súa portada a cinco columnas titulando “*Galicia se prepara para votar el Estatuto*”*

O día 30 EPG abría a súa portada titulando “*El Estatuto de Galicia triunfó en las urnas*” “*La votación obtenida supera la cifra que exige la Constitución de la República*”. Na mesma portada, o xornal insería un editorial titulado “*Nuestra región, autónoma*”, no que afirmaba que “*Galicia va a gobernarse por si y a gobernarse de otro modo (...) es necesario acatar la autonomía como se acató la República, por sus virtudes objetivas*”. Mentre, La Voz titulaba na súa portada: “*Las cifras dan un amplio respaldo a la autonomía*”. Asemade, no texto o xornal salientaba que “*Hubo bastante animación*”, que a votación se desenvolvera “*con gran fervor*” e que “*El domingo, con los edificios públicos engalanados, tiras de lienzo con rótulos pro-autonomía en las principales calles, banderitas regionales en los tranvías y automóviles, reparto de hojas de propaganda y un ambiente de absoluta paz, se abrieron en La Coruña los colegios*”. Días despois, o 4 de xullo, xa cos datos definitivos, o xornal escribía que “*se ha sobrepasado en más de 100.000 votos el quorum necesario para que el plebiscito alcanzase la validez con respecto a los preceptos constitucionales*”.

Ese 30 de xuño o Faro publicou un editorial na súa portada titulado “*Fijando nuestra posición. Ante la Autonomía de Galicia*” no que se definiu contrario á autonomía, augurou que lle suporía grandes prexuízos a Galicia, e criticou a campaña e aos partidos que interviñeran nela: “*acataremos siempre la voluntad de Galicia, pero a lo que estamos obligados como portavoces desde hace cerca de un siglo, del sentir de la región, es a no silenciar las mistificaciones, los egoismos y los sectarismos de determinados propugnadores de la nueva modalidad política y administrativa*”. Asemade, o xornal afirmaba que a autonomía era cara “*No entremos en divagaciones de*

si la autonomía es cara o barata. El tiempo demostrará, seguramente, lo cara que resulta tal y como se reclama para Galicia” e vencellaba o Estatuto co “nacionalismo separatista”, concluíndo que “Galicia (...) no sabe a donde va”. Finalmente, o Faro insinuaba neste editorial que a vitoria do referendo só fora posíbel grazas a un pucheirazo: “Esta semana ha sido la última de exaltación galleguista (...) En el alma gallega sonaba esa plausible campaña a música optimista y agradabilísima, suggestionaba, halagaba los sentimentalismos de todos sin excepción (...) ¡Que hermosa es la poesía y como se adentra en las entrañas! (...) Magnífico todo esto (...) ¿Estuvo revestido de esa solemnidad el acto de la votación del domingo? Galicia lo sabe, sin que se precise destacarlo en estas líneas. Pero aún suponiendo que tiene esa casi unanimidad de voluntades ¿presidió en estas las conciencia necesaria para valorizar legal y moralmente ese voto?”. EPG respondeu a este editorial con outro, publicado o 1 de xullo titulado “Los derrotistas del Estatuto” e “El Faro se ha definido”. No texto, EPG afirmaba “Al fin Faro de Vigo se ha visto obligado a fijar su posición ante la autonomía de Galicia. No es extraño que haya tardado tanto. Un periódico grave y sesudo como el decano, no puede decidirse así como así. ¡Hace cinco años largos que se ha proclamado la República y aún está meditando sobre si debe resolverse a acatarla! (...) El sentir de la región nunca se ha visto reflejado en Faro de Vigo. O nunca la Región ha sentido. Porque la Región no era Bugallal en sus tiempos ni Calvo Sotelo después”.

A prensa madrileña, sobre todo a de dereitas, incidía nos días posteriores ao referendo nos argumentos apuntados polo Faro. Así, por exemplo, “El Debate” afirmaba “Lamentable este episodio del plebiscito gallego. Suponemos que ni en la conciencia más entregada al nuevo galleguismo cabrá la menor satisfacción por lo sucedido anteayer. El clásico procedimiento electoral del pucherazo es el único triunfante. Los galleguistas y los no galleguistas saben todos que Galicia no ha votado” e cualificaba o plebiscito de “Una nueva farsa”. Do mesmo xeito, en “ABC” podíase ler que “Galicia ha respondido con su indiferencia al plebiscito pro Estatuto. Como todas las regiones, el Estatuto le viene ancho. No está preparada para la autonomía y está falta de instituciones y personas dispuestas para asimilarla (...) La idea autonómica no aparece difundida (...) a la abstención expresa de los partidos de derecha se unió la indiferencia de las masas obreras (...) lo mejor de Galicia sigue siendo profunda, convencida y sentimentalmente unitaria”. Pola contra, o progresista “Política” respondía nun editorial afirmando que “A los que ponían en duda el sentimiento

autonomista de Galicia, hasta el punto de juzgar un artificio la iniciativa del Estatuto, se habrán convencido de que responde a una necesidad profunda que ahora toma su verdadera expresión. En vano querrán discutirse las cifras del plebiscito donde el pueblo gallego se ha manifestado sin reservas (...) Sólo la República puede consagrar las personalidades regionales y únicamente en el régimen democrático es posible dar libre cauce a las aspiraciones de los pueblos que en su variedad fecunda forman la comunidad nacional”.

Finalmente, o 18 de xullo, La Voz levaba á súa portada unha breve nota informando de que a comisión de deputados galegos lle entregara en Madrid ao Presidente Azaña o texto do Estatuto aprobado en referendo polo pobo galego. O xornal salientaba as palabras de Castelao nese acto, no que afirmara que “*Espero y deseo –dijo– que el de Galicia sirva para consolidar la República y la democracia, la cual depende en gran parte del esfuerzo, del fervor y de la voluntad que pongan en su empeño los encargados de administrarla*”. Ese mesmo día comezou a sublevación militar que acabaría coa República e coa democracia.

Prensa galega e Estatuto durante a Transición:

Durante a Transición Política, a prensa galega non emprestou demasiada atención ao Estatuto de Autonomía nun comezo. Pola contra, a maior parte dos xornais enredáronse en loitas localistas motivadas polo debate sobre a capitalidade. Curiosamente, este debate axudou a que a sociedade coñecese que se estaba redactando un Estatuto de Autonomía. A Comisión *dos 16* formada por representantes de todos os partidos agás o BNPG e o PSG, que rexeitaron participar, elaborara un proxecto de Estatuto progresista e á altura dos textos vasco e catalán. Malia os recurtes efectuados polas sucesivas comisiós *dos once* e *dos nove*, dominadas pola UCD, o proxecto presentado nas Cortes seguía contando cun respaldo unánime de case todas as forzas políticas galegas, incluídos os nacionalistas de Unidade Galega. Porén, os dous principais partidos (UCD e PSOE), así como a prensa madrileña, en especial *El País*, non concibían a autonomía como un dereito dos cidadáns de Galicia, Euskadi e Catalunya. E unha vez que os *problemas* catalán e vasco foron *solucionados*, coa aprobación dos seus respectivos Estatutos, centristas e socialistas (co apoio editorial da prensa da capital do Estado) decidiron que chegara o momento de *racionalizar* o proceso autonómico. E a Galicia, como terceira e derradeira *nacionalidade histórica*, tocáballe o papel de *chivo expiatorio*, de exemplo limitador para os restantes territorios.

El País publicou daquela unha serie de editoriais sobre o Estatuto galego nos que afirmaba que non había un sentimento autonomista no noso país e que as pretensíons de acadar un Estatuto á altura dos textos vasco e catalán proviñan dos poderes caciúis, que buscaban así perpetuar o seu dominio. O xornal madrileño xa se amosara moi belixerante coas pretensíons vascas de que a Constitución recollese unha autonomía de carácter paccionado para Euskadi e Navarra, en base aos dereitos forais destes territorios.

Afortunadamente, a prensa galega non ficou en silencio. *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo* e sobre todo *El Ideal Gallego* recolleron as críticas das forzas políticas galegas, os manifestos de protesta dos intelectuais e as mobilizacións da cidadanía contra o *aldraxe*. O propio feito de relatar día a día e artigo por artigo o que se debatía na Comisión Constitucional e nos corredores do Congreso impidiulle a moitos políticos realizar un dobre discurso, aquí e en Madrid, e obligou a moitos outros a posicionarse e a pelexar por un Estatuto de primeira categoría. Os xornais chamaron asemade á mobilización, colaboraron na organización dunha *Xornada en defensa da dignidade nacional de Galicia* e mesmo *El Ideal Gallego* respondeu aos editoriais da prensa madrileña con varios editoriais, como o *Galicia humillada*, publicado o 17 de novembro.

Porén, ao longo de 1980 e 1981 asistimos a unha progresiva involución da prensa galega, de onde desaparecen os plantexamentos más próximos ao galeguismo e a perspectiva da situación política perde o seu centro autóctono. O cambio é evidente en *El Ideal Gallego*, que na primavera de 1980 cambia de director e de liña editorial dunha maneira tan radical e rápida que por veces parecemos atoparnos ante dous xornais distintos. As posicións fondamente autonomistas e progresistas, cunha visión galega da realidade e a pluralidade de voces (dende AP até o nacionalismo autodeterminista) deixan paso a un xornal conservador, moi conservador, case que reaccionario, que sobreapasa en moitos momentos as posicións oficiais ucedeadas aliñándose coas teses aliancistas a prol da manida “maioría natural”. Un xornal, ademais, antiautonomista, ou que coma moito acepta unha autonomía recurtada e con escaso poder político. Un xornal no que só UCD e AP teñen unha presenza destacada e un tratamento favorábel, todo o contrario que PSOE, reproduciendo o esquema de oposición UCD-PSOE existente en Madrid, e por suposto as opcións de extrema esquerda ou nacionalistas, desbotadas por radicais, das que mesmo se pon en dúbida o seu carácter democrático. Un xornal, finalmente, que mira a Galicia dende Madrid, o seu centro para interpretar a realidade.

En canto ao Faro de Vigo, xornal comercial, escasamente político e pouco amigo de interpretar a realidade (áí están as súas cautelas, antes de cada campaña electoral, para aclarar que eles non ‘interferían’ na realidade), ao longo da Transición vaise facendo cada vez más evidente nas súas páxinas a influencia da UCD, sobre todo a través das crónicas de Gerardo González Martín, responsable de Comunicación do partido en Pontevedra e candidato ucedeo en 1981, mais non só. Nas páxinas do xornal vigués obsérvase unha atención preferente aos asuntos relacionados coa UCD, mais non calquera UCD, a UCD de Pontevedra, o que enfrentaba ao xornal coa UCD coruñesa de Meilán. Finalmente, en La Voz de Galicia obsérvase como progresivamente, ao longo de 1980, van tomado importancia, pola súa frecuencia de publicación, a súa relevancia na vertebración do xornal e a súa coincidencia cos temas destacados no temario de LVG, os artigos de Ultreya, colectivo formado por destacados militantes socialistas (Carlos Luis Rodríguez, González Amadiós...) próximos a Francisco Vázquez. En realidade Carlos Luis Rodríguez era o responsable da meirande parte dos artigos e a partir dun certo momento ‘quita a careta’ e comeza a publicar os artigos asinando co seu nome. Rodríguez pasa a formar parte da sección de Galicia do xornal como redactor e os artigos convértense en crónicas, na crónica política do xornal. O tema das crónicas é decidido nalgúns ocasións polo director do xornal Juan Ramón Díaz, en resposta ás preocupacións do editor, polo que a crónica de Carlos Luis Rodríguez convértese de facto no editorial de La Voz de Galicia, caracterizado por un lene respaldo á autonomía, mais unha crítica feroz a nacionalistas (sobre todo) e comunistas.

Polo tanto, vemos como nos tres xornais estudiados prodúcese un viramento á dereita entre 1979 e 1981. As crónicas políticas de Fernando Ramos, Luís Álvarez Pousa e Xosé Antonio Gaciño, próximos ao nacionalismo de esquerdas, son substituídas polas de Gerardo González Martín, Carlos Luis Rodríguez e Eloy García, de talante conservador nos tres casos e con reticencias perante a autonomía nalgún deles. No medio quedou un posibel fracaso dun Estatuto recortado en Madrid por UCD e PSOE e unha masiva mobilización popular en contra do aldraxe. No medio quedou tamén un intento de golpe de estado fracasado, pero que cubriu de medo a política española e conseguiu deste xeito varios dos seus obxectivos: o 23-F naceu a inconstitucional LOHAPA e serviu de arma de coacción para outros intentos de involución, tamén na liberdade de expresión e no derecho de información. Perante o referendo para a aprobación do Estatuto de Autonomía, celebrado en decembro de 1980, a prensa adoptou unha posición moi favorábel, apostando claramente polo voto afirmativo, porén

esa posición decidida (aínda que tampouco entusiasta) non tivo eco na poboación, que se abstivo maioritariamente. De cara ás primeiras eleccións autonómicas, a posición da prensa galega foi igualmente activa, realizando importantes despregues informativos, o que supuña unha toma en consideración da autonomía coma unha realidade importante e con implicacións directas na vida da xente, unha posta en valor da autonomía.

Sería más doado para a investigación concluír de xeito rotundo que a prensa apoiou cegamente en con entusiasmo a construcción do autogoberno do noso país, ou que fixo o contrario, constituído un freo aos anceios do pobo galego. Pero a realidade sempre é máis complexa, nunca é negra nin branca, senón gris. Polo tanto, pódense sinalar medios que si fixeron un esforzo importante, mais só o fixeron en momentos determinados, ou medios nos que certos xornalistas arriscaron moito para mellorar a percepción que os seus lectores tiñan sobre a autonomía, mesmo pelexando contra a opinión contraria da estrutura de propiedade do seu medio. En xeral, os xornais galegos (sobre todo os más importantes, como La Voz, El Ideal, La Región, El Progreso e mesmo o Faro) foron por diante do conxunto da sociedade en case todos os procesos de cambio que tiveron lugar nestes anos, tendo en conta a realidade da sociedade galega de finais dos anos setenta, maioritariamente agraria e conservadora. Mais os medios marchaban moi por detrás dos sectores máis politizados e comprometidos co autogoberno de Galicia. Con todo, os medios de comunicación foron facendo visíbel a autonomía, a identidade galega, pouco a pouco, a base de enmarcamentos interpretativos nos que Galicia era o actor principal, que representaba a todos os habitantes do país. E coma unha chuvia fina, estas ideas foron callando na poboación, que se ben non chegou a facerse aberta e entusiasticamente autonomista, acabou por vencer os seus receos. Pódense sinalar ducias de pezas informativas, artigos de opinión e editoriais nos que os medios si asumiron consciente e explicitamente a defensa de Galicia e a reivindicación do autogoberno como necesidade e solución aos problemas dos cidadáns da nación. Mais supoñen a excepción (reseñábeis excepcións, en todo caso) e non a regla. Moito más importantes foron as achegas diárias, más implícitas pero más continuadas, que acabaron definindo unha sociedade protoautonomista, ou que cando menos non rexeitaba este modelo. E unha sociedade que acabou por recoñecerse como galega, assumindo esta realidade, por riba de intereses e identificacións localistas ou provinciais, e supoñendo esta asunción do *eu*, do *nós*, o primeiro paso para a asunción da alteridade, do sentimento de pertenza a unha realidade nacional distinta é equiparábel a outras nacións.

Conclusión:

Malia a distancia temporal, existen máis similitudes que diferenzas entre o tratamento outorgado pola prensa galega aos textos estatutarios de 1936 e 1980. En xeral, a actitude da meirande parte dos xornais galegos foi pasiva, deixándose arrastrar nalgúns casos polos actores más comprometidos e activos. Por suposto, nos dous casos débese salientar o traballo excepcional dalgún xornal (*El Pueblo Gallego* en 1936 e *El Ideal Gallego* durante a Transición, e en menor medida de *La Voz de Galicia* nos dous momentos), que si actuaron de voceiro e de axentes mobilizadores da sociedade. A similitude más sorprendente é quizais a que se refire ao deseño dos xornais e á organización en paxina das noticias publicadas: un número moi escaso de fotografías, páxinas moi densas, con grandes bloques de texto, publicación íntegra de comunicados e cartas.... En realidade, os xornais galegos de 1936 e 1979 non eran moi diferentes, nin na súa forma de compoñer a información, nin nos mecanismos de impresión e distribución. Dende finais dos anos setenta, a prensa galega iniciaría unha revolución tecnolóxica e estética que modificaría por completo todos os procesos de producción.

Pero tamén hai diferenzas, por suposto. Durante a Transición, o risco máis característico da prensa galega é a pasividade, a falla de entusiasmo polo proceso de construcción autonómica, non significando isto un rexeitamento activo (ningún dos grandes partidos rexeitaba a autonomía galega), senón unha xeneralizada indiferenza. En 1936 a prensa respondía más explicitamente a intereses de partido, e dado que o bloque de dereitas rexeitaba frontalmente o Estatuto galego, pedindo a abstención no referendo, os seus xornais afíns (*El Ideal Gallego* ou *La Región*) facían o mesmo.

Bibliografía:

- Baamonde, Antón (2002). *Aire para respirar. Memorias dun tempo presente*. Vigo, Xerais.
- Beramendi, Xusto G.; Máiz, Ramón e Núñez Seixas, Xosé M. (1994). *Nationalism in Europe: Past and present*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- Gamson, William A. (1992). *Talking Politics*. Cambridge (GB), Cambridge University Press.
- Herman, Edward S. e Chomsky, Noam (1994). *Manufacturing consent: the political economy of the mass media*. Londres, Vintage.
- Klandermans, Bert (1988). "The Formation and Mobilization of Consensus". En Klandermans, B; Kriesi, H.; e Tarrow, S., *International Social Movement Research. From Structure to Action: Comparing Social Movement Research Across Cultures*, Vol. 1, Greenwich, Connectica: JAI Press Inc.
- Lippmann, Walter (1964). *La Opinión pública*. Bós Aires, Compañía General Fabril.

- Maiz, R. (2004).Identidade colectiva e medios de comunicación. A Coruña, Fundación Santiago Rey-Fernández Latorre.
- McAdam D.; McCarthy J.D.; e Zald, M.N. (1996).Comparative Perspectives on Social Movements. Political Opportunities, Mobilizing Structures, and Cultural Framing. Cambridge (GB), Cambridge Univ. Press.
- VV.AA (2002).Media, Jornalismo e Democracia. Lisboa, Livros Horizonte.